

Disposición transitoria. *Adaptación de estatutos e regulamentos das caixas de aforro a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforro.*

As caixas de aforro a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 31/1985, do 2 de agosto, de regulación das normas básicas sobre órganos reitores das caixas de aforro adaptarán os seus estatutos e regulamentos, así como a composición dos seus órganos de goberno, ao réxime xurídico que resulta da referida disposición, na redacción dada pola presente lei, de conformidade co que estableza a normativa que lles resulte de aplicación ou, no seu defecto, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria. Derrogación *normativa*.

Quedan derogados os capítulos IV e V da Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais*.

Esta lei, que terá carácter básico, dítase ao abeiro dos títulos competenciais previstos no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario*.

Sen prexuízo das habilitacións específicas a outros órganos previstas nesta lei, habilítase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto nela.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e aplicárase en primeiro lugar á supervisión das contas do exercicio de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

6562 LEI 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito. («BOE» 97, do 23-4-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

A globalización da actividade económica e a innovación tecnolóxica crearon a necesidade de coordinar a

ordenación e a supervisión dos servizos financeiros. A Unión Europea vese afectada especialmente por estes factores, e foi adoptando unha serie de medidas de harmonización e coordinación neste ámbito. O principio de liberdade de establecemento (artigo 43 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea –TCE-) dentro do mercado único propiciou que as entidades de crédito comunitarias se fosen expandindo ao resto dos Estados membros, exercendo competencia fóra das fronteiras do seu Estado membro de orixe.

No ámbito comunitario é imprescindible contar con disposicións que dean solución aos problemas que aparecen pola frecuente existencia de elementos estranxeiros nas crises empresariais. O bo funcionamento do mercado interior exige que os procedementos concursais transfronteirizos se desenvolvan de forma eficaz e efectiva, mediante a adecuada coordinación de medidas. Con este obxectivo, no ano 2000 aprobouse o Regulamento (CE) número 1346/2000 do Consello, do 29 de maio de 2000, sobre procedementos de insolvencia, que, non obstante, e debido á súa particularidade, exclúe do seu ámbito as entidades de crédito.

A realización dun mercado único bancario europeo contou cun instrumento clásico de harmonización como son as directivas (artigo 249 TCE). Do seo da Unión Europea xurdiron numerosas directivas que trataron diversas cuestións relativas ao «ciclo biolóxico» das entidades de crédito. No entanto, aínda non se lograra, debido ao difícil labor de harmonización nesta materia, completar o último elo da cadea, é dicir, a regulación dos procedementos de resolución de situacións de crises en que se visen involucradas as entidades de crédito, que poden levar á súa extinción e con seguinte liquidación.

A Directiva 2001/24/CE do Parlamento e o Consello, do 4 de abril de 2001, relativa ao saneamento e liquidación das entidades de crédito, vén paliar esta situación, regulando o réxime e tratamento da adopción das medidas de saneamento e os procedementos de liquidación que afecten as entidades de crédito comunitarias que realicen unha actividade transfronteiriza. Esta directiva, sobre a base do principio de unidade e universalidade, trata de dar solución e facilitar a adopción de medidas e a incoación de procedementos dentro da Unión Europea. E para iso, parte de principios básicos como son o de recoñecemento mutuo das decisións e o de coordinación entre as diferentes autoridades que interveñen nos ditos procesos.

Esta lei incorpora ao noso ordenamento xurídico as disposicións da directiva, incluíndo unha serie de especialidades que afectan o tratamento das crises das entidades de crédito. Estas especialidades veñen referidas ao concurso de acredores nos termos en que se recolle na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, posto que se define como medida de saneamento o concurso de acredores que non finalice en liquidación, e como procedemento de liquidación a apertura da fase de liquidación no propio concurso. Como se pode comprobar, as medidas de saneamento a que se refire esta lei non inclúen aquelas actuacións que, baixo idéntica denominación, poden adoptar os fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito conforme o establecido no Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro.

Seguindo o esquema da directiva, a lei baséase nos principios de competencia e lei aplicable do Estado membro onde a entidade de crédito foi autorizada, salvo determinadas excepcións que se xustifican pola singularidade de determinados supostos.

As autoridades españolas e a lei española será a aplicable nos concursos de entidades de crédito autorizadas en España que teñan sucursais noutros Estados membros da Unión Europea, e cuxos efectos se deberán recoñecer

de modo automático nesos Estados. Estes principios de competencia e lei aplicable son coherentes coa Directiva 2000/12/CE do Parlamento e do Consello, do 20 de marzo de 2000, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e ao seu exercicio, que concibe a entidade de crédito e as súas sucursais baixo unha perspectiva unitaria, sometida á supervisión das autoridades competentes do Estado en que se expedise a autorización, que é válida para o conxunto da Unión Europea.

O recoñecemento mutuo supón, así mesmo, a incorporación de medidas de coordinación entre as autoridades competentes. Para lograr a dita coordinación, establécense obrigas de comunicación entre as autoridades competentes, utilizando o supervisor (no suposto de España, o Banco de España) como axente nesa transmisión e obrigas de información aos acredores, con independencia do Estado en que se encontren. Esta última obriga supón unha garantía para lograr a igualdade de trato de todos os acredores.

A lei tamén desenvolve certas disposicións relativas ás entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, que posúa sucursais en España e, como mínimo, noutro Estado membro, para os efectos de coordinar a adopción de medidas e a incoación de procedementos entre as autoridades competentes dos respectivos Estados.

En sentido contrario, recoñécese na lei a eficacia sobre sucursais en España de entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, das medidas de saneamento que se adopten e os procedementos de liquidación que se incoen no seu Estado de orixe.

Desde o punto de vista substantivo e tamén derivado da transposición da citada Directiva 2001/24/CE, incorpóranse unha serie de modificacións á Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946, e á Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, no referente, respectivamente, ao réxime de revogación da autorización e de disolución e liquidación das entidades de crédito.

No referente ao ámbito territorial de aplicación das disposicións da Directiva 2001/24/CE, esta esténdese a todo o Espazo Económico Europeo, conforme a Decisión do Comité Mixto do Espazo Económico Europeo, do 6 de decembro de 2002, polo que se modifica o anexo IX do Acordo do Espazo Económico Europeo. Esta circunstancia recoñeceuse na lei.

En definitiva, trátase dunha lei de ámbito limitado dirixida ás entidades de crédito, que contén fundamentalmente regras de dereito internacional privado, no referente á lei aplicable e á competencia, así como outros aspectos substantivos derivados da delimitación da masa activa, a compensación de créditos e as obrigas de comunicación e información.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta lei é incorporar ao ordenamento xurídico español as disposicións da Directiva 2001/24/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de abril de 2001, relativa ao saneamento e liquidación das entidades de crédito, mediante as que se regulan os efectos e especialidades das medidas de saneamento e os procedementos de liquidación que afecten as entidades de crédito e sucursais a que se refire o artigo 2.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei será aplicable:

a) Ás entidades de crédito autorizadas en España que teñan polo menos unha sucursal ou presten servizos sen establecemento permanente noutro Estado membro, entendendo por tales aquelas recollidas nas alíneas b) a f) do artigo 1.2 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, sobre adaptación do dereito vixente en materia de entidades de crédito ao das Comunidades Europeas.

b) Ás entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro que teñan polo menos unha sucursal ou presten servizos sen establecemento permanente en España nos termos previstos nos artigos 9 e 11 do Real decreto 1245/1995, do 14 de xullo, sobre creación de bancos, actividade transfronteiriza e outras cuestións relativas ao réxime xurídico das entidades de crédito.

c) Ás sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea, cando tales entidades de crédito teñan polo menos unha sucursal noutro Estado membro.

Artigo 3. *Definición dos conceptos empregados.*

1. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por medidas de saneamento aquelas medidas, adoptadas polas autoridades administrativas ou xudiciais dun Estado membro da Unión Europea, encamiñadas a preservar ou restablecer a situación financeira dunha entidade de crédito que poidan afectar os dereitos preexistentes de terceiras partes, alleas á propia entidade, incluídas, entre outras, aquelas que supoñan a posibilidade de suspender pagamentos, suspender medidas de execución ou reducir créditos. Non terán a consideración de terceiras partes as persoas que interveñan no funcionamento interno da entidade, os administradores e os accionistas.

2. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por procedementos de liquidación aqueles procedementos colectivos incoados e controlados polas autoridades administrativas ou xudiciais dun Estado membro da Unión Europea, co fin de liquidar activos e pasivos baixo a supervisión destas autoridades, mesmo cando os procedementos conclúan mediante un convenio ou outra medida análoga.

3. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por autoridades administrativas ou xudiciais as facultadas en virtude das leis para acordar a adopción das medidas de saneamento ou os procedementos de liquidación. En España enténdese por tales as autoridades xudiciais españolas ás cales as leis lles atribúen a competencia para adoptar as medidas e incoar os procedementos recollidos no capítulo II.

4. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por autoridades supervisoras competentes dos Estados membros da Unión Europea as autoridades nacionais facultadas para supervisar as entidades de crédito. En España a autoridade supervisora competente é o Banco de España.

5. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por Estado membro de orixe o Estado membro da Unión Europea no cal unha entidade de crédito foi autorizada. Por Estado membro de acollida enténdese o Estado membro da Unión Europea no cal unha entidade de crédito ten unha sucursal ou actúa en réxime de libre prestación de servizos, nos termos legalmente previstos.

6. Para os efectos previstos nesta lei, enténdese por administrador toda persoa o órgano nomeado polas autoridades administrativas ou xudiciais cuxa función sexa administrar medidas de saneamento. Enténdese por liqui-

dador toda persoa ou órgano nomeado polas autoridades administrativas ou xudiciais cuxa función sexa xestionar os procedementos de liquidación.

Artigo 4. *Segredo.*

Toda persoa ou autoridade administrativa que deba recibir ou facilitar información no marco dos procedementos de información ou de consulta establecidos nesta lei, en particular, nos seus artigos 6, 18 e disposición derradeira primeira, estará suxeita ao segredo profesional nos termos establecidos no artigo 6 do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, con excepción das autoridades xudiciais ás cales lles serán de aplicación as disposicións vixentes nesta materia.

CAPÍTULO II

Medidas de saneamento e procedementos de liquidación sobre entidades de crédito autorizadas en España que teñan sucursais ou presten servizos sen establecemento permanente noutros Estados membros da Unión Europea

SECCIÓN 1.^a DEFINICIÓN, COMPETENCIA E LEI APLICABLE

Artigo 5. *Medidas de saneamento e procedementos de liquidación.*

1. Para os efectos do disposto nesta lei, terá a consideración de medida de saneamento en España a apertura do concurso nos termos previstos na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen prexuízo de que, no caso de que se acorde a apertura da fase de liquidación, se apliquen desde ese momento as normas correspondentes aos procedementos de liquidación, conforme o establecido nesta lei.

2. Para os efectos desta lei, terá a consideración de procedemento de liquidación en España a apertura da fase de liquidación do concurso de conformidade co establecido na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 6. *Competencia e información ás autoridades supervisoras competentes dos Estados membros.*

1. As autoridades xudiciais españolas serán as únicas competentes para decidir a aplicación a unha entidade de crédito autorizada en España, incluídas as sucursais noutros Estados membros da Unión Europea, dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación.

2. As autoridades xudiciais españolas informarán, sen demora, a través do Banco de España, as autoridades supervisoras competentes dos diferentes Estados membros de acollida, sobre a súa decisión de adoptar unha medida de saneamento ou incoar un procedemento de liquidación e as súas repercusións. Se non fose posible proporcionar a devandita información antes da súa adopción, será facilitada inmediatamente despois.

3. De as autoridades xudiciais españolas consideraren necesario que se teña que aplicar sobre as sucursais de entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro algunha medida de saneamento, terán a obriga de informar diso, a través do Banco de España, ás autoridades supervisoras competentes do Estado membro de orixe.

Artigo 7. *Lei aplicable. Regra xeral.*

Sen prexuízo do establecido no artigo seguinte, a lei española determinará:

a) O réxime e aplicación das medidas de saneamento que afecten as entidades de crédito autorizadas en España, incluídas as sucursais establecidas noutros Estados membros.

b) O réxime e aplicación do procedemento de liquidación que afecte as entidades de crédito autorizadas en España, incluídas as súas sucursais noutros Estados membros, en particular:

1.º Os bens e dereitos que son obxecto do procedemento de liquidación e o tratamento dos bens adquiridos pola entidade de crédito despois de incoado o procedemento de liquidación.

2.º As facultades respectivas da entidade de crédito e o liquidador.

3.º As condicións de opoñibilidade dunha compensación.

4.º Os efectos do procedemento de liquidación sobre os contratos vixentes en que a entidade de crédito sexa parte.

5.º Os efectos do procedemento de liquidación sobre os procedementos xudiciais particulares, salvo os procesos en curso.

6.º Os créditos que se deban recoñecer no pasivo da entidade de crédito e o tratamento dos créditos nacidos despois de incoado o procedemento de liquidación.

7.º As normas relativas á presentación, exame e recoñecemento dos créditos.

8.º As normas de repartición do produto da realización dos bens, a prelación dos créditos e os dereitos dos acredores que fosen parcialmente satisfeitos despois da incoación do procedemento de liquidación en virtude dun dereito real ou polo efecto dunha compensación.

9.º As condicións e os efectos da clausura do procedemento de liquidación, en particular, mediante convenio.

10.º Os dereitos dos acredores unha vez terminado o procedemento de liquidación.

11.º A determinación dos obrigados ao pagamento e dos gastos do procedemento de liquidación.

12.º As normas relativas ao réxime de impugnación dos actos prexudiciais para o conxunto dos acredores.

Artigo 8. *Lei aplicable. Regras especiais.*

1. Nos supostos que a continuación se relacionan, a lei aplicable será a que corresponda, segundo se especifica en cada caso:

a) Os efectos da adopción de medidas de saneamento ou da incoación de procedementos de liquidación sobre os contratos de traballo e as relacións laborais rexeranse exclusivamente pola lei do Estado membro aplicable aos ditos contratos.

b) Os efectos sobre os contratos que teñan por obxecto a atribución dun dereito de uso ou de adquisición dun ben inmovible rexeranse exclusivamente pola lei do Estado membro onde este se ache. Esta lei será a que determine a natureza moble ou inmovible do ben.

c) Os efectos sobre os dereitos da entidade de crédito sobre bens inmovibles, buques ou aeronaves que estean suxeitos a inscrición nun rexistro público rexeranse exclusivamente pola lei do Estado membro baixo cuxa autoridade se leve o rexistro.

d) O exercicio dos dereitos de propiedade ou doutros dereitos sobre instrumentos financeiros cuxa existencia ou transferencia supoña unha inscrición nun rexistro, nunha conta ou nun sistema de depósito centralizado

mantidos ou situados nun Estado membro da Unión Europea, rexeranse pola lexislación do Estado membro en que se estableza ou se sitúe o rexistro, a conta ou o sistema de depósito centralizado no cal estean inscritos os devanditos dereitos. Para estes efectos, enténdese por instrumentos financeiros todos aqueles indicados na sección C do anexo I da Directiva 2004/39/CE do Parlamento e do Consello, do 21 de abril de 2004, relativa aos mercados de instrumentos financeiros.

Sen prexuízo do anterior, as operacións con pacto de recompra e as transaccións realizadas dentro dun mercado regulado ou dun sistema organizado multilateral de negociación rexeranse exclusivamente pola lei aplicable ao contrato que rexa eses pactos ou transaccións. Para estes efectos, entenderanse por mercados regulados e por sistemas organizados de negociación os definidos conforme os puntos 14 e 15 do punto 1 do artigo 4 da Directiva 2004/39/CE, respectivamente.

e) Os acordos de compensación contractual e de novación rexeranse exclusivamente pola lei aplicable ao contrato que rexa eses acordos.

f) Os efectos dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación sobre un procedemento en curso relativo a un ben ou a un dereito do cal se desposuíu a entidade de crédito rexeranse exclusivamente pola lexislación do Estado membro en que estea en curso ese procedemento.

g) As normas relativas ao réxime de impugnación dos actos xurídicos prexudiciais para o conxunto dos acredores serán as que estableza a lexislación do Estado membro de orixe, salvo que o beneficiario polo dito acto probe que tal acto está suxeito á lei doutro Estado membro que non permite en ningún caso a súa impugnación.

h) A validez dos actos de disposición a título oneroso da entidade de crédito realizados con posterioridade á adopción dunha medida de saneamento ou á incoación dun procedemento de liquidación sobre bens inmoebles, buques ou aeronaves suxeitas a inscrición nun rexistro público, ou instrumentos financeiros, dereitos sobre tales instrumentos ou outros títulos cuxa existencia e transferencia supoña unha inscrición nun rexistro, nunha conta ou nun sistema de depósito centralizado mantido ou situado nun Estado membro da Unión Europea, rexeranse pola lexislación do Estado membro da Unión Europea en cuxo territorio se encontre o inmoeble ou baixo cuxa autoridade se leven os referidos rexistros, contas ou sistemas de depósitos.

2. En todo caso, a adopción de medidas de saneamento ou a incoación de procedementos de liquidación non afectarán:

a) Os dereitos reais dos acredores ou de terceiros sobre bens materiais ou inmateriais, mobles ou inmoebles, de calquera clase pertencentes á entidade de crédito, comprendidos os conxuntos de activos indeterminados cuxa composición poida variar no tempo, e que no momento da adopción das referidas medidas ou incoación de procedementos se encontren no territorio doutro Estado membro. Os dereitos anteriores comprenderán:

1.º Os dereitos a poder ser pagados co produto do alleamento ou cos rendementos dun ben, en particular en virtude de peñor ou hipoteca.

2.º Os dereitos exclusivos a cobrar un crédito, en particular os garantidos por un peñor de que sexa obxecto o crédito ou pola cesión do dito crédito a título de garantía.

3.º Os dereitos a reivindicar o ben e reclamar a súa restitución a calquera que o posúa ou utilice en contra da vontade do seu titular.

4.º Os dereitos reais a percibir os froitos dun ben.

Asimilarase a un dereito real o dereito, inscrito nun rexistro público e opoñible fronte a terceiros, que permita obter un dereito real nos termos establecidos nesta alínea a).

b) Os dereitos do vendedor respecto dos bens vendidos á entidade de crédito con reserva de dominio, legalmente constituída, sempre que tales bens se encontren, no momento de adoptar as medidas ou incoar os procedementos, dentro do territorio doutro Estado membro. De ser a entidade de crédito a vendedora dun ben con reserva de dominio que xa fose entregado e que no momento da adopción das referidas medidas ou procedementos se encontre no territorio doutro Estado membro, esa adopción non constitúe, en por si, causa de resolución nin de rescisión da venda e non lle impedirá ao comprador a adquisición da súa propiedade.

c) O dereito dun acredor a reclamar a compensación do seu crédito co da entidade de crédito cando a lei aplicable ao crédito desta última permita a compensación.

O disposto neste punto 2 enténdese sen prexuízo das accións de impugnación que, de ser o caso, procedan.

SECCIÓN 2.^a PUBLICIDADE DA ADOPCIÓN DAS MEDIDAS DE SANEAMENTO E DE INCOACIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE LIQUIDACIÓN E ACREDITACIÓN DO NOMEAMENTO DE ADMINISTRADORES CONCURSAIS

Artigo 9. *Publicidade da adopción das medidas de saneamento.*

1. As autoridades xudiciais españolas deberán publicar un extracto da súa decisión de adopción das medidas de saneamento no «Diario Oficial de la Unión Europea» e en, polo menos, dous xornais de difusión nacional en cada un dos Estados membros de acollida.

2. O contido da decisión obxecto de publicación deberá mencionar, na lingua ou as linguas oficiais dos Estados membros de que se trate, o obxecto e a base xurídica da decisión adoptada. O contido da decisión deberá mencionar os prazos concretos para a presentación de recurso e o enderezo postal do órgano competente para coñecer daquel.

3. As medidas de saneamento producirán plenos efectos nos termos previstos na lexislación vixente mesmo cando non se producise a publicación das decisións adoptadas conforme o que establecen os puntos 1 e 2 deste artigo, salvo que a autoridade xudicial dispuxese outra cosa.

Artigo 10. *Publicidade da apertura dos procedementos de liquidación.*

As autoridades xudiciais españolas ordenarán que se publique o contido esencial do auto de apertura da fase de liquidación no «Diario Oficial de la Unión Europea» e en, polo menos, dous xornais de difusión nacional en cada un dos Estados membros de acollida.

Artigo 11. *Publicidade rexistral nos Estados membros.*

1. As autoridades xudiciais españolas poderán solicitar a publicidade rexistral da adopción dunha medida de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación nos demais Estados membros de acollida, ademais de facelo nos rexistros españois que corresponda, segundo prevén a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal. En calquera caso, deberán requirila cando a dita publicidade sexa preceptiva no Estado de acollida.

2. Os gastos de inscrición consideraranse gastos e custas do procedemento.

Artigo 12. *Proba do nomeamento da Administración concursal.*

1. O nomeamento da Administración concursal quedaría acreditado mediante copia autenticada do orixinal da resolución pola que se designe ou mediante certificado expedido polo xuíz do concurso. Poderase exixir a tradución destas certificacións para a lingua ou linguas oficiais do Estado membro en cuxo territorio vaia actuar a Administración concursal.

2. A Administración concursal, co fin de desenvolver as facultades que lle encomenda a lei española, poderá designar persoas que o asistan ou, de ser o caso, o representen no transcurso dunha medida de saneamento ou do procedemento de liquidación nos Estados de acollida, para facilitar a solución das dificultades que puidesen encontrar os acredores de tales Estados. A Administración concursal deberá respectar, en todo caso, a lexislación dos Estados membros en cuxo territorio queira actuar, en concreto, o referente ás modalidades de realización dos bens e dereitos, e todo o relativo á información dos traballadores asalariados. As devanditas facultades da Administración concursal non poderán incluír o uso da forza nin a facultade de se pronunciar sobre un litixio ou unha controversia.

SECCIÓN 3. INFORMACIÓN E DEREITOS DOS ACREDORES.

Artigo 13. *Información aos acredores dos Estados membros.*

1. Unha vez adoptada a medida ou incoado o procedemento, a Administración concursal informará sen demora os acredores coñecidos que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou domicilio social nos demais Estados membros, se así consta nos libros e documentos da entidade de crédito ou se coñeza por calquera outra razón.

2. A información comprenderá a identificación do procedemento, a data do auto de declaración, as circunstancias persoais do debedor, os efectos acordados sobre as facultades de administración e disposición sobre o seu patrimonio, o chamamento aos acredores para que lle comuniquen os seus créditos á Administración concursal, incluso aqueles garantidos con dereito real, o prazo para a dita comunicación e o enderezo postal do xulgado.

3. A información realizarase por escrito e mediante envío individualizado.

Artigo 14. *Comunicación dos créditos.*

1. Os acredores que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou domicilio social noutro Estado membro, incluídas as autoridades públicas, terán dereito a lle comunicar os seus créditos ou a lle presentar por escrito as observacións relativas a estes á Administración concursal conforme o disposto no artigo 85 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. Os títulos de crédito dos acredores que teñan a súa residencia habitual, domicilio ou domicilio social noutro Estado membro terán o mesmo trato e a mesma prelación que aqueles títulos con rango equivalente pre-

sentados polos acredores con residencia habitual, domicilio ou domicilio social en España.

Artigo 15. *Linguas para as comunicacións.*

1. A información prevista nos artigos 10 e 13 desta lei darase en castelán e, de ser o caso, na lingua oficial propia da comunidade autónoma en que teña a súa sede o xuíz do concurso, pero no encabezamento do seu texto figurarán tamén, en todas as linguas oficiais da Unión Europea, os termos «Convocatoria para a presentación de títulos de crédito. Prazos aplicables».

2. Os acredores con residencia habitual, domicilio ou domicilio social nun Estado membro distinto de España poderán presentar o escrito de comunicación dos seus créditos na lingua ou nunha das linguas oficiais do Estado membro de que se trate. En tal caso, o encabezamento do escrito, «Presentación de título de crédito», deberá redactar en castelán e, de ser o caso, na lingua oficial propia da comunidade autónoma en que teña a súa sede o xuíz do concurso. Así mesmo, a Administración concursal poderalles exixir posteriormente unha tradución do escrito de comunicación dos seus créditos para o castelán e, de ser o caso, para a lingua oficial propia da comunidade autónoma en que teña a súa sede o xuíz do concurso.

Artigo 16. *Información periódica da liquidación aos acredores.*

A Administración concursal deberá informar os acredores noutros Estados membros con regularidade e de forma adecuada, sobre a marcha da correspondente liquidación da entidade de crédito.

Artigo 17. *Revogación da autorización.*

A resolución xudicial de apertura da fase de liquidación levará consigo a revogación da autorización da entidade de crédito, de conformidade co disposto nesta lei e na Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946.

CAPÍTULO III

Medidas de saneamento e procedementos de liquidación sobre sucursais de entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea

Artigo 18. *Información sobre a adopción de medidas de saneamento e procedementos de liquidación.*

1. As autoridades xudiciais españolas informarán, a través do Banco de España, sen demora e por todos os medios posibles as autoridades supervisoras competentes dos diferentes Estados membros de acollida, en relación coa súa decisión de adoptaren unha medida de saneamento ou incoaren un procedemento de liquidación e as súas repercusións, sobre as sucursais de entidades de crédito estranxeiras non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea. Se non fose posible proporcionar a dita información antes da súa adopción, será facilitada inmediatamente despois.

2. As autoridades xudiciais españolas deberán coordinar a súa actuación coas autoridades administrativas ou xudiciais dos diferentes Estados de acollida. Igualmente os liquidadores, se os houber, esforzaránse por coordinar as súas actuacións.

CAPÍTULO IV

Efectos das medidas de saneamento e dos procedementos de liquidación adoptados noutros Estados membros da Unión Europea

Artigo 19. *Efectos e publicidade en España da adopción de medidas de saneamento e procedementos de liquidación.*

1. Cando respecto a unha entidade de crédito autorizada nun Estado membro da Unión Europea que teña polo menos unha sucursal ou preste servizos en España se adoptase unha medida de saneamento ou se incoase un procedemento de liquidación, a devandita medida ou procedemento producirá, sen máis formalidades, todos os seus efectos en España tan pronto como o faga no Estado membro en que se adoptase a medida ou se incoase o procedemento.

2. O Banco de España, unha vez que recibise a correspondente notificación da autoridade supervisora competente, informará mediante a publicación no «Boletín Oficial del Estado», da decisión de adopción da medida de saneamento ou da incoación do procedemento de liquidación.

3. A adopción dunha medida de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación deberanse inscribir na folla aberta á sucursal no Rexistro Mercantil, por petición do administrador, liquidador ou das autoridades administrativas ou xudiciais competentes do Estado membro de orixe.

Artigo 20. *Acreditación do nomeamento das persoas e órganos de xestión e administración das medidas de saneamento e procedementos de liquidación.*

1. Toda persoa ou órgano nomeado polas autoridades administrativas ou xudiciais doutros Estados membros da Unión Europea con competencia sobre medidas de saneamento ou procedementos de liquidación cuxa función sexa administrar ou xestionar as ditas medidas ou procedementos poderá desenvolver en España a súa actuación e exercer as mesmas funcións e poderes que no Estado membro de orixe. Para estes efectos, acreditarase a referida condición mediante a presentación dunha copia legalizada da decisión de nomeamento ou dunha certificación expedida pola autoridade administrativa ou xudicial correspondente, ás cales se xuntará a súa tradución para o castelán e, potestativamente, para as linguas oficiais propias das comunidades autónomas en que os acredores teñan a súa residencia habitual, domicilio ou domicilio social. Así mesmo, poderán outorgar poderes de representación ou solicitar persoas que os asistan en España, cando iso resulte necesario para o pleno desenvolvemento da medida de saneamento ou do procedemento de liquidación, e, en particular, para resolver as dificultades que puidesen encontrar os acredores residentes en España.

2. Tales persoas e órganos deberán respectar no exercicio das súas facultades, en todo caso, a lexislación española, en concreto, todo o referente ás modalidades de realización dos bens e dereitos, e o relativo á información dos traballadores asalariados. As devanditas facultades e poderes non poderán incluír o uso da forza nin a facultade de se pronunciar sobre un litixio ou unha controversia.

Artigo 21. *Regras especiais de aplicación da lei española.*

Sen prexuízo de que a lei aplicable á adopción das medidas de saneamento ou á incoación dos procedementos de liquidación sobre unha entidade de crédito autorizada noutro Estado membro con sucursal ou que preste libremente servizos en España sexa a do Estado membro de orixe, a lei española será a que rexa cando corresponda segundo o disposto no artigo 8.

Disposición adicional primeira. *Recoñecemento da adopción de medidas de saneamento e procedementos de liquidación sobre sucursais en España de entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea.*

O Banco de España informará cando o solicite o órgano xurisdiccional competente sobre as solicitudes de recoñecemento en España de resolucións estranxeiras que declaren a apertura dun procedemento de insolvencia, conforme o establecido no capítulo III do título IX da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, cando aquelas se refiran a entidades de crédito non autorizadas nun Estado membro da Unión Europea. Para estes efectos, o Banco de España poderá consultar e solicitar canta información sexa necesaria das autoridades supervisoras competentes do Estado do que emane a solicitude.

Disposición adicional segunda. *Espazo Económico Europeo.*

En virtude do establecido na Decisión do Comité Mixto do EEE número 167/2002, do 6 de decembro de 2002, pola que se modifica o anexo XI do Acordo do Espazo Económico Europeo, esta lei resultará de aplicación a aquelas entidades de crédito situadas no Espazo Económico Europeo.

Disposición transitoria. *Efectos non retroactivos da lei.*

Esta lei só será aplicable a aquelas medidas de saneamento e procedementos de liquidación incoados con posterioridade á súa entrada en vigor. As medidas de saneamento e os procedementos de liquidación incoados con anterioridade á dita data regularanse polas leis aplicables no momento da súa adopción ou apertura.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.*

A Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo artigo 37 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 37 *is.*

No suposto de que unha entidade de crédito decida a súa disolución e correspondente liquidación voluntaria, deberallo comunicar ao Banco de España, o cal poderá fixar condicións á dita decisión no prazo de tres meses desde a presentación da correspondente solicitude.»

Dous. Suprímese o punto 3 do artigo 38.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946.*

A Lei de ordenación bancaria, do 31 de decembro de 1946, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha nova alínea h) ao punto 1 do artigo 57 bis coa seguinte redacción:

«h) En todo caso e con carácter preceptivo, cando se ditase resolución xudicial de apertura da fase de liquidación no concurso de acredores.»

Dous. O punto 2 do artigo 57 bis queda redactado do seguinte modo:

«O Consello de Ministros, por proposta do ministro de Economía e Facenda, será competente para acordar a revogación. Non obstante, corresponderalle a competencia a este último nos casos de renuncia, exclusión do Fondo de Garantía de Depósitos a que estea adscrita unha entidade de crédito, cando se dite resolución xudicial de apertura da fase de liquidación no concurso de acredores e revogación da autorización dunha sucursal dunha entidade estranxeira por lle ter sido retirada a autorización pola súa autoridade supervisora.

O establecido no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das competencias que puidesen ter das comunidades autónomas.»

Tres. Engádeselle un segundo parágrafo ao punto 4 do artigo 57 bis coa seguinte redacción:

«Malia a revogación da autorización, a Administración concursal poderá continuar realizando as actividades da entidade de crédito que sexan necesarias para a súa liquidación, nos termos previamente autorizados polo Banco de España.»

Catro. Engádeselle un novo punto 6 ao artigo 57 bis coa seguinte redacción:

«6. Cando se acordase a revogación da autorización dunha entidade de crédito, o Banco de España informará diso as autoridades supervisoras competentes dos Estados membros onde aquela teña unha sucursal ou actúe en réxime de libre prestación de servizos, nos termos legalmente previstos.»

Disposición derradeira terceira. *Carácter de lei especial.*

1. Esta lei será considerada como lexislación especial, para os efectos previstos na disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. O punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, queda redactado na forma seguinte:

«2. Considérase lexislación especial, para os efectos da aplicación do punto 1, a regulada nas seguintes normas:

a) A Lei 2/1981, do 25 de marzo, de regulación do mercado hipotecario (artigo 14 e artigo 15, modificado pola Lei 19/1992, do 7 de xullo, sobre réxime das sociedades e fondos de investimento inmobiliario e sobre fondos de titulización hipotecaria), así como as normas reguladoras doutros valores ou instrumentos aos cales legalmente se lles atribúa o

mesmo réxime de solvencia que o aplicable ás cédulas hipotecarias.

b) O Real decreto lei 3/1993, do 26 de febreiro, sobre medidas urxentes en materias orzamentarias, tributarias, financeiras e de emprego (artigo 16).

c) A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (no que respecta ao réxime aplicable aos sistemas de compensación e liquidación nela regulados, e ás entidades participantes nos ditos sistemas, en particular os artigos 44 bis, 44 ter, 58 e 59).

d) A Lei 3/1994, do 14 de abril, de adaptación da lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda Directiva de Coordinación Bancaria (disposición adicional quinta).

e) A Lei 13/1994, do 1 xuño, de autonomía do Banco de España (polo que respecta ao réxime aplicable ás garantías constituídas a favor do Banco de España, do Banco Central Europeo ou doutros bancos centrais nacionais da Unión Europea, no exercicio das súas funcións).

f) A Lei 37/1998, do 16 de novembro, de reforma da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (disposicións adicionais décima e décimo segunda).

g) A Lei 1/1999, do 5 de xaneiro, reguladora das entidades de capital-risco e das súas sociedades xestoras (disposición adicional terceira).

h) A Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

i) O texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro (artigos 26 a 37, 39 e 59), e o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro.

j) A Lei 6/2005, do 22 de abril, sobre saneamento e liquidación das entidades de crédito.

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución. As referencias ao Banco de España consideraranse básicas conforme o establecido no artigo 149.1.11.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o Goberno para que dite as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO